



rurAllure

*Promoción de museos e sitios culturais en áreas rurais
nas proximidades dos camiños de peregrinación de Europa*

Kit de prensa





Información básica sobre rurAllure

RurAllure é un proxecto do programa Horizonte 2020 que se extende dende o **1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023**. O proxecto fomenta a cooperación cultural e o turismo sostible nas proximidades de rutas históricas de peregrinación europeas: os Camiños de Santiago, as rutas de peregrinación a Roma, a ruta de San Olav en Escandinavia e a Ruta Mariana a Csíksomlyó/Şumuleu Ciuc. **RurAllure aproveita o estado da arte en tecnoloxías da información para promover museos e sitios patrimoniais do medio rural.** Mellora a simbiose entre a contorna rural e as rutas para enriquecer a experiencia dos turistas co vasto patrimonio cultural que a miúdo pasa desapercibido.

En Europa, centos de miles de persoas parten cada ano dos seus fogares –ou dende puntos de partida populares– para dirixírense a lugares de culto más ou menos coñecidos. Sen dúbida, as rutas de peregrinación convertéronse nun **importante activo económico e político** para Europa.

O proxecto rurAllure aborda **un punto feble** que se agocha detrás desta percepción de éxito: as rutas de peregrinación poden ser atravesadas por milleiros de persoas, pero o seu impacto percíbese case exclusivamente nos lugares ubicados directamente nos camiños, xa que **rara vez penetran nas áreas rurais circundantes**. Así, provincias e rexións enteiras de carácter predominantemente rural, que se enfrentan a importantes desafíos económicos e demográficos en toda Europa, convértense en testemuñas pasivas dos fluxos de peregrinos, cando en realidade poderían aportar moito contido e valor ás experiencias.

O obxectivo de rurAllure é **superar esta situación** a través do encanto do patrimonio cultural que se atopa no medio rural. A oportunidade xorde do feito de que a peregrinación adoita planificarse con certa flexibilidade en canto a datas, distancias percorridas en xornadas sucesivas, lugares para descansar, etc. Moitos peregrinos tamén se amosan abertos a descubriren lugares imprevistos. Isto fai que a peregrinación sexa moi diferente doutros tipos de experiencias culturais e turísticas, o que abre posibilidades de aumentar o número de visitantes aos sitios patrimoniais menos coñecidos.

Nun mundo pospandémico, **rurAllure responde ás necesidades dos viaxeiros** de visitar destinos que permitan manter prácticas de distanciamiento social. A plataforma tecnolóxica do proxecto ofrecerá recursos dixitais para a exploración sostible de rutas a pé e descubrimentos culturais fóra dos camiños trillados e lonxe das zonas turísticas máis concorridas.

Mediante o deseño, implementación e proba de **ferramentas tecnolóxicas e estratexias de promoción**, o proxecto buscará xeneralizar este efecto e, dese xeito, contribuír a **xerar actividade económica** e, ademais, reforzar un emprego más diversificado, para axudar a **preservar o patrimonio cultural en risco** (profesións, costumes, arquitectura rural, arte e música, etc.) e loitar contra o éxodo rural que está a provocar unha preocupante espiral de pérdida de poboación e servizos.

reach out!

Contactos clave



Dr. Martín López Nores

Martín López Nores é profesor contratado doctor do Departamento de Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo. Está especializado en servizos de información interactiva, razoamento semántico, humanidades dixitais, patrimonio cultural, narración interactiva e realidade aumentada. Actualmente é subdirector do Centro de Investigación atlanTTic en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo e coordinador do proxecto rurAllure H2020.

Contact: mlnores@det.uvigo.es



Dr. Susana Reboreda Morillo

Susana Reboreda Morillo é doutora en Historia Antiga pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 1997 é profesora de Historia Antiga na Facultade de Historia do campus de Ourense da Universidade de Vigo, da que é actualmente decana. Anteriormente ocupou diversos cargos directivos na mesma Facultade, como directora da Área de Estudiantes e vicedecana. Durante os derradeiros dez anos participou en proxectos de investigación competitivos centrados nas mulleres na Antigüidade grega.

Contact: rmorillo@uvigo.es

Consorcio

- | | |
|--|---|
| 1) Universidade de Vigo (ES) | 9) Slovak University of Technology in Bratislava (SK) |
| 2) GVAM Guías Interactivas S.L. (ES) | 10) Comenius University in Bratislava (SK) |
| 3) Universidad Autónoma de Madrid (ES) | 11) Università degli Studi di Padova (IT) |
| 4) Fundación Uxío Novoneyra (ES) | 12) Fondazione Homo Viator San Teobaldo (IT) |
| 5) Universidade da Coruña (ES) | 13) Associazione Europea Vie Francigene (IT) |
| 6) Câmara Municipal de Vila do Conde (PT) | 14) Università degli Studi di Bologna (IT) |
| 7) Kormányzati Informatikai Fejlesztési Ügynökség (HU) | 15) Norwegian University of Science and Technology (NO) |
| 8) Mária Út Közhasznú Egyesület (HU) | 16) Università IUAV di Venezia (IT) |

reach out!



Press Release

Lanzamento de rurAllure:

Arranca oficialmente o novo proxecto Horizonte 2020 sobre patrimonio cultural

14 de xaneiro de 2021

O proxecto europeo rurAllure: Promoción de museos e sitios culturais en áreas rurais na contorna dos camiños de peregrinación de Europa inaugurouse oficialmente o pasado mes de xaneiro durante a reunión kick-off celebrada entre os días 11 e 13.

Este innovador proxecto Horizonte 2020 fomenta a cooperación cultural e turismo sostenible na contorna das rutas históricas de peregrinación europeas: o Camiño de Santiago, as rutas de peregrinación a Roma, a ruta de San Olaf en Escandinavia e a Ruta Mariana. RurAllure aproveita o estado da arte en tecnoloxías da información para promover museos rurais e sitios do patrimonio. Mellora a simbiose entre a contorna rural e as rutas para enriquecer a experiencia dos turistas co vasto patrimonio cultural que a miúdo pasa desapercibido.

O encontro tivo lugar de xeito virtual e reuniu durante 3 días aos socios e colaboradores do proxecto, liderado pola Universidade de Vigo. Hinano Spreafico, representante da Axencia Executiva de Investigación da Comisión Europea, deu a benvida a todos os participantes e destacou a importancia da cooperación e a innovación no sector do patrimonio e o turismo.

15 organizacións e institucións de investigación europeas de vanguarda traballarán en estratexias comúns e desenvolverán os pilotos do proxecto, cada un deles centrado nun tipo particular de patrimonio ao longo dunha ruta de peregrinación. A investigación sobre as rutas do Camiño de Santiago estará centrada no patrimonio literario e será xestionada pola Fundación Uxío Novoneyra, a Cámara Municipal de Vila do Conde, a Universidade Autónoma de Madrid e a Universidade da Coruña.

O piloto dirixido pola Universidade de Boloña investigará o patrimonio termal ao longo das rutas de peregrinación a Roma, a Vía Francígena, a Vía Romea Strata e a Vía Romea Xermánica, xunto coa Universidade de Padua e Venecia, a Asociación Europea das Vías Francígenas e a Fundación Homo Viator San Teobaldo.

A ruta de San Olaf en Noruega será investigada desde unha perspectiva etnográfica pola Universidade Noruega de Ciencia e Tecnoloxía.

O patrimonio natural da Ruta Mariana, unha vía de peregrinación que atravesa Hungría, Eslovaquia e Romanía, será estudiado pola Axencia de Desenvolvemento Informático do Goberno húngaro, a asociación benéfica Mária Út, a Universidade Técnica Eslovaca e a Universidade Comenius en Bratislava.

Durante a reunión inicial presentouse a descripción xeral do proxecto, así como as descripcións dos pilotos e as contribucións dos socios. Os participantes tamén tiveron a oportunidade de coñecerse e de presentar as actividades das súas respectivas organizacións.

Xunto coa Universidade de Vigo, os demais socios de rurAllure son: GVAM Guías Interactivas S.L. (ES), Universidad Autónoma de Madrid (ES), Fundación Uxío Novoneyra (ES), Universidade da Coruña (ES), Câmara Municipal de Vila do Conde (PT), Kormányzati Informatikai Fejlesztési Ügynökség (HU), Mária Út Közhasznú Egyesület (HU), Comenius University in Bratislava (SK), Slovak University of Technology in Bratislava (SK), Università degli Studi di Padova (IT), Fondazione Homo Viator San Teobaldo (IT), Associazione Europea Vie Francigene (IT), Università degli Studi di Bologna (IT), Norwegian University of Science and Technology (NO).

Podedes atopar máis información sobre o proxecto na web www.rurallure.eu, na cal se irán publicando os resultados e achados futuros do proxecto (para máis consultas: contact@rurallure.eu).

reach out!



Obxectivos do proxecto rurAllure

-  Establecer una **rede de institucións** para traballar na promoción de espazos culturais e sitios patrimoniais das rexións rurais de Europa próximas ás rutas de peregrinación.
-  **Levar a cabo estudos** dende perspectivas históricas, culturais, sociolóxicas e económicas.
-  Analizar o papel que poden xogar as **institucións culturais e turísticas urbanas** na rede.
-  **Avaliar as estratexias e recomendacións** derivadas dos estudos realizados nos catro pilotos.
-  Crear unha **base de datos aberta de información relevante xeorreferenciada** e un **mapa interactivo** dos lugares rurais e sitios do patrimonio europeo, así como un **directorio de axentes relevantes activos** na promoción da cultura e o turismo.
-  Intercambiar as **melhores prácticas e leccións aprendidas** nos pilotos por toda Europa.
-  Definir unha **axenda con desafíos clave de investigación e innovación** para a próxima década.
-  Crear **aplicacións móveis** para ofrecer as seguintes funcionalidades aos peregrinos:
 - Descubrimento de espazos culturais e sitios patrimoniais.
 - **Guías** que aproveiten a oportunidade (desatendida ata agora) de presentar cohesivamente o patrimonio das rexións atravesadas durante varios días ou semanas (no canto de horas, como ocorre nas visitas clásicas a museos).
 - Recomendación e reserva rápida de **transporte** debde/hacia lugares rurais seleccionados e de ofertas de **aloxamento e restauración** axeitadas.
 - Espazos de redes sociais para **mantener o contacto con novos amigos** e coñecidos realizados durante a peregrinación.
 - Un **pasaporte dixital** do peregrino de múltiples rutas para certificar as viaxes.
-  Compoñer e despregar un **sistema de administración de contenido** como trastenda para as aplicacións móveis, ofrecendo características para innovar en torno ás novas posibilidades creadas polos medios dixitais:
 - Colaboración entre institucións para crear, administrar e curar una base de coñecemento do Patrimonio Cultural.
 - Co-creación e revisión de contenidos e narrativas para as guías ofrecidas aos peregrinos.
 - **Estratexias específicas de posicionamiento web** e forte presencia en liña.
 - Benchmarking e análise de datos agregados.

reach out!



Ficha de datos de rurAllure



RurAllure finánciase a través do programa Horizonte 2020. Horizonte 2020 é o maior programa de **investigación e innovación** da UE ata o día de hoxe, e persegue acadar un crecemento económico intelixente, sostible e integrador. O obxectivo é garantizar que Europa produza **ciencia e tecnoloxía de clase mundial**, elimine as barreiras á innovación e facilite que os sectores público e privado **traballen xuntos** para ofreceren solucións aos grandes desafíos que afronta a nosa sociedade.



16 membros de 6 países europeos diferentes



4 proxectos piloto

Patrimonio literario nos camiños de Santiago de Compostela

Mítica ruta de peregrinación que atravesa Europa hacia a tumba do apóstolo Santiago o Maior en Santiago de Compostela. O piloto centrarse en distintos tramos da comunidade autónoma de Galicia e o norte de Portugal: o Camiño Francés, o Camiño de Inverno e o Camiño Portugués pola Costa.

Patrimonio termal e outros nos camiños a Roma

Tres grandes itinerarios medievais que conducen a Roma: a Vía Francíxena, a Vía Romea Strata e a Vía Romea Xermánica. A investigación do patrimonio termal centrarse nos tramos franco-suizos e italianos das rutas.

Patrimonio etnográfico nos camiños a Trondheim

Rede escandinava de camiños de peregrinación de San Olav que conducen á súa tumba na cidade noruega de Trondheim. O piloto céñtrase nas rutas ao longo do lago Mjøsa en Noruega, estudiando o seu rico patrimonio etnográfico.

Patrimonio natural nos camiños de Csíksomlyó

Os Camiños de María ou Mária Út conforman unha ruta espiritual que atravesa países de Europa do Leste e os Balcáns. O piloto centrarse en tramos en Hungría, Eslovaquia e a Transilvania rumana e estudiará a súa beleza natural.

reach out!



Apartado gráfico de rurAllure: logo, recursos multimedia

Para o uso do logotipo de rurAllure, escríbenos a **contact@rurallure.eu**

Para imaxes de acompañamento: **clic aquí**

Información de contacto

Dr. Martín López Nores (Coordinador do Proxecto)
mlnores@det.uvigo.es

Dr. Susana Reboreda Morillo
rmorillo@uvigo.es

Para consultas xerais
contact@rurallure.eu

Sitio web

www.rurallure.eu

Redes sociais

 @rurallure

 @rurallure

 @rurallure-eu

 @rurallure

reach out!



reach out!

www.rurallure.eu